**No niño novo do vento**

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao lugar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recenté,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Álvaro Cunqueiro. *Cantiga nova que se chama riveira* (Edición *Obra en galego completa*,Vigo, Editorial Galaxia, 1980)